

OS PAPEIS CUNQUEIRANOS DE FERNANDO PÉREZ-BARREIRO*

Joaquim Ventura Ruiz

Sección de Crítica da AELG

doi:10.17075/mucnoc.2014.011



* Quero expresar o meu agradecemento a Mercedes Gasalla, Teresa Barro e Craig Patterson por poñerme na pista destes papeis de Cunqueiro

Coñecín a Fernando Pérez-Barreiro Nolla¹ en Birmingham, nun congreso sobre literaturas do exilio español realizado en setembro de 2008. Presentounos Craig Patterson. Ben axiña houbo empatía entre nós. Comentando dos meus traballos, saíu a edición que fixen do manuscrito de Vicente Risco dunha *Doutrina e ritual da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal*².

Daquela Fernando lembrou que na súa casa de Inglaterra tiña uns papeis de Álvaro Cunqueiro, entre os cales había unha proposta de orde de cabaleiros como divertimento enólico. Quedamos en que eu lle enviaría copia da edición que fixera do manuscrito risquiano (daquela a edición xa estaba esgotada) e el correspondería cos papeis de Cunqueiro. Finalmente, estes saíron de Lancaster o 15 de abril de 2009. Non sabendo que saída editorial poderían ter, non reparei en pedirlle a historia deles e como chegaron ata el. Desgraciadamente, a súa morte uns meses despois condenábame ao silencio.

Porén, a celebración deste congreso abriume a porta. Daquela contactei con Craig Patterson para que lle preguntase á viúva de Fernando, Teresa Barro, se sabía algunha cousa verbo destes papeis. Moi amablemente, Teresa rastreou na súa memoria e comezou a situar a andaina e púxome en contacto con Mercedes [Fernández] Gasalla. Despois dalgúns correos, sabemos boa parte da súa historia. Nun deles, o 22 de xuño pasado, Mercedes Gasalla díxome:

[...] Casi puedo asegurar que son del año 1945. Vázquez Rey³ marcha ese año a Madrid y vive en una pensión compartiendo habitación con Álvaro Cunqueiro. Colabora en la revista *Finisterre* en la que Cunqueiro, en el nº 26, Marzo 1946, escribe una semblanza de Vázquez Rey. Tenían tertulia en el [Café] Gijón y allí nacieron esos papeles. Creo recordar que son la creación de una Orden. Antonio María Vázquez Rey, como otros intelectuales

1 Ferrol, 1931–Lancaster, 2010.

2 Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998.

3 Ferrol, 1915–1986. Historiador. Colaborou en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Destacan os seus estudos «Crónicas nedenses» e «Esbozo de una biografía de Rosalía», amais dos artigos sobre Sargadelos e a súa cerámica.

y artistas, frecuentaban mi casa en aquellos negros y míseros años 40. Me consta que mi padre⁴, con su delicadeza habitual, les ayudaba económicamente.

Noutro correo, do 26 de xuño, engadía:

Cuando murió mi madre, hace mas de 30 años, traje de Ferrol varias cajas con todos sus papeles. Pasé años descifrándolos y clasificándolos; tenía cosas muy interesantes. En cuanto a los papeles de Cunqueiro, Fernando pasó unos días en mi casa de Madrid cuando estaba con las cajas y me ayudó. Le pregunté a quién podrían interesarle y me dijo que tenía a la persona idónea: Ricardo Palmás⁵. [...] ¿Como llegaron a manos de mi padre? Nací a finales del 36. Mi padre ya tenía 51 años. Los primeros recuerdos que tengo de él son de los años 40. [...] Los domingos íbamos los dos a visitar a «sus amigas», como él les llamaba. Eran las viudas o hermanas, como en el caso de Manuel Morgado, de sus amigos intelectuales republicanos desaparecidos. Nos recibían emocionadas, me consta que les ayudaba económicamente y no sabían como agasajarnos. Le sacaban libros y papeles para que se llevara lo que quisiera. Yo creo que de esta manera llegaron muchas cosas interesantes a sus manos. A finales de los 40 recuerdo, entre otros, a Vázquez Rey por mi casa. Era muy celoso de sus cosas y no digo que se los comprara, pero si que posiblemente fueron dados en agradecimiento.

Trátase de vinte e catro follas, tamaño cuartilla as máis delas. Son do ano 1946, cando Cunqueiro aínda estaba en Madrid, cidade na cal se establecera en marzo de 1939 despois dunha tempada en San Sebastián (Armesto 1991: 130). En Madrid, mantiña unha conversa en que había algúns galegos como Manuel

4 Manuel Fernández Barreiro (Lugo, 1885–Ferrol, 1957). Nacido nunha familia de comerciantes, foi propietario de diversos negocios, entre eles a banca ferrolá Sucesores de A. Barreiro. Foi home con inquietudes a prol da cultura galega ata o punto de patrocinar, entre outros proxectos, a editorial Céltiga, fundada en Ferrol en 1921 pola Irmandade da Fala local. Para ela traduciu *Os catro cisnes brancos*, de orixe irlandesa.

5 Ricardo Palmás Casal (Bos Aires, 1940–Londres 1996). Xornalista e escritor. De pais pontevedreses, participou no galeguismo na capital arxentina. Sucedeu a Eduardo Blanco Amor como encargado dos cursos de lingua galega entre 1962 e 1966. Despois dun tempo en Galicia, estableceuse a finais dos setenta en Londres, onde traballou na axencia EFE, alén de en París, Brasilia e Lisboa. Teresa Barro informoume nun correo de data 4 de xullo de 2011 que, tras a morte de Palmás, os seus papeis pasaron á Fundación Seoane e ao Arquivo do Reino de Galicia. A directora desta institución, María Carmen Prieto Ramos, nun correo do 5 de xullo de 2011, comunicoume que no fondo que teñen de Ricardo Palmás non constan os papeis que estamos a comentar.

Blanco Tobío⁶, Borobó⁷ e Emilio Canda⁸ (Armesto 1991: 142). Pouco máis foi publicado daqueles anos madrileños alén do conflito co embaixador francés, o suceso do papel para a editora Caralt —na que intermediaba Cunqueiro— e da retirada do carné de xornalista, o que o obrigou a regresar a Mondoñedo en 1947 (Armesto 1991: 170-171).

Os máis destes papeis son de Cunqueiro se ben dalgúns outros foi receptor e nalgún caso por temas serios. Pero alí están e tamén ilustran, e moito.

Folla 1⁹

*Alalá de Belle (Ourens)*¹⁰*General, / Mariscal, / Liberal, / más liberal que Dios. / Si vas à feira de Belle / virás aburrido. / Comerás castañas asadas / e leite cocido. / Póla mañán pôranche nos pés / unhas zapatilliñas. / E póla tarde / po[de]rás pasear póla nosa campiña. / E póla noite / tralalá, trurulalala. / Tócano os gaiteiros de Vilanova dos Infantes cando van a Celanova. / A Vazqueciño, gaiteiro infantil de Celanova. / Cunqueiro, tamborini.*

Folla 2

Alalá de Pontevedra

Eu pasei por Pontevedra, / por Pontevedra cantando. / As nenas de Pontevedra / quedan no río lavando.

Alalá de Rivadavia

Lévame no carro, leva, / carreteiriño das uvas. / Lévame no carro, leva, / comereiche as mais maduras. // Por alí vai un camiño, / por alí vai un carreiro. / Por alí vai un camiño / que nos leva ao fiadeiro. Alalá de Mondoñedo

6 Lérez, 1919. Xornalista e escritor, foi comentarista de Internacional en *Pueblo*, director xeral de Prensa e de Cultura Popular.

7 Raimundo García Domínguez (Pontecesures, 1916–Santiago de Compostela, 2003). Un dos mellores xornalistas galegos do século xx. Marchou a Madrid durante a Guerra Civil. Reincorporouse á vida profesional en 1942 grazas a Manuel Blanco Tobío.

8 Non atopei datos biográficos (non se pode confundir co homónimo que Carballo Calero [1981] coloca nos epígonos, malia a común condición de xornalistas). Fundou e dirixiu a revista *Finisterre*, que comezou a ser editada en Pontevedra en 1943 e que en 1946 pasou a editarse en Madrid, se ben apenas sobreviviu dous anos. Foi a primeira publicación española en empregar a lingua galega despois da Guerra Civil. Alén de Cunqueiro (que en 1946 publicou un artigo mensual entre xaneiro e xuño, cf. Cunqueiro 1989), tamén colaboraron Cela e Blanco Tobío, entre outros.

9 Numero as follas segundo me chegaron de Fernando Pérez-Barreiro.

10 Con toda certeza debe referirse á parroquia de Velle, que pertence ao concello de Ourense.

O lugar de Monte d'Area / de lonxe parece vila, / non sendo a cás de Cunqueiro / qu'está do lado d'arriba.

Folla 3

Branca ou rosa: a noite non me deixa /côr da [riscado] pel da Sulamita;¹¹ / onde a min dorme i-a sua mán apreixa / a vista dos meus ollos. Qué exquisita // e morna tea de véu sobre [riscado] o meu rosto! / D-El-Rei David non fica xa [riscado] lembranza: / como chama que morre [riscado] coa chuvia no magosto / a memoria d-El-Rei fuxiu na lontananza. // Agora eu son El-Rei no leito de Abisax[e riscado]: / eu beixo os seos da virxe e mais o seu visax[e riscado] / i-aloumiño o seu sono de doncela pastora. // Quizaves soña con ovellas [riscado brancas] como brancas estrelas / ou cos bois de Sulam:¹² as guellas amarelas, / [riscado o sorriso nos labres] nos ollos azúes o paledor da a[?].

Folla 4

A Rafael Sánchez Mazas¹³

CAP. I.

De anohecida ya se montaron en las cumbres del Arneiro, traídas por el vendaval, [riscado] grandes nubes oscuras. Una [riscado] gruesa cortina de lluvia avanzó por el valle; cerró la noche [riscado] con ella, una noche que ya era invernal, fría y temerosa. Yo estaba sentado, con las espaldas en el bocoy [de vino]de Castilla, a horcajadas en un banco, con la pizarra entre las piernas; ya había salivado más de una vez; el sabor del pizarrillo, el problema. Los bebedores. La ventana. Tomás cayó al pie del apeado del Ribeiro. El disparo.

Folla 5

artículo Cela: [o texto que segue vai marcado por unha chave] Desde los días de mi conocimiento con Cela y su «Pascual [Duarte]» vengo queriendo decir hablar de este gallego. La galleguidad de Camilo. Iria[;?] fantasmas. Su idioma. Sus invenciones (y aquí este hecho sorprendente: le tiran a dar. Un insensato).

11 Trátase da protagonista do *Cantar dos Cantares*, obrigada a separarse do seu amante Salomón.

12 Poboación árabe no nordeste de Israel (actual).

13 Coria, 1894–Madrid, 1966. Escritor e xornalista, foi un dos fundadores de Falange Española. Cunqueiro tivo moita relación con el nos seus primeiros anos en Madrid.

*Cela es un poco, entre sus invenciones, como un mariscal joven, como su abuelo el Mariscal exactamente*¹⁴.

art. «*Afán*» [o texto que segue vai marcado por unha chave] *Artesanía: Las viejas calles gremiales. Los conversos y la revolución.*

Folla 6

Sobre con cabeceira de C.I.C.A. Carrera de San Jerónimo, 5 Apartado 321 Teléfono 12171 Madrid.

Á man un debuxo a maneira de selo de correos que pon: *España Correos 50 cts Honor y gala a D^a Gala Murguía.* É un rostro feminino. O cuño pon dentro da circunferencia *Bebede Licor dos Celtas* e fóra dela *La mejor marca M. M. Murguía.* [á máquina] *Sr. D. Antonio Vázquez Rey / (¡Ojo! Después de Antonio, póngase María) / URGENTE* [á man] *Calle Sinforiana López, antes Real, antes X, donde se lee una placa: «Aquí nació el historiador Vázquez, humilde como la violeta azul».* / (NOTA: *Sello conmemorativo del 1er Centenario del 2º Virgo de doña GALA.*)

Folla 7

[no reverso]

Remite: EL PRECURSOR D. MANUEL MARTINEZ, alias MURGUIA. / Domicilio: Parque Zoológico de don Breogán. / Avenida del Colón Gallego / MONTE MEDULIO

Folla 8

Membrete de Finisterre / Revista de Galicia / Director-Propietario: Emilio Canda / MADRID. Marcado en tinta con tampón de caucho Carrera de San Jerónimo, 5 / Apartado 321 / Teléfono 12171 por riba do antigo enderezo Cruz 1 pral. / Telef. 24521 / Apartado 546

«Finisterre é internacional / Cántanse nil o «Bon Chevalier» / o «Avanti pópulo» i-o alalá de Pontevedra. O orfeón dirixeo Emilio Canda / i-Antoniño Vázquez leva o compás. / Cunqueiro desafina, Sierra tamén. / Cermeño canta a jota navarra. / Finisterre é a III Internacional. / Carmen Alcaide escribe versos libres, / amósalle as pernas á Antonio Maria e todo o orfeón

¹⁴ O sexto apelido de Camilo José Cela era Lafayette pola súa avoa materna, de orixe belga. Porén, a referencia que fai Cunqueiro non tería que ver con Marie-Joseph Paul Yves Roch Gilbert de Motier, Marqués de La Fayette (Chavanac-Lafayette, 1757–París, 1834), heroe da guerra da independencia dos Estados Unidos de América e mariscal de campo en 1782.


recochinéase. / *Quén non é hoxe hidráulico comparativo?* / *(Pasa n-unha nubem Remediños Nadal / na bicicleta do río Landro.*¹⁵ / *Tódol-os nosos corazóns pónñense de pé / e contra don Ricardo, «Anathema sit.»)* // [escrito á dereita 45º] *Finisterre é unha nao internazonal. / ¿Quén lle muxe as tetas ao vento? / ¿Quén lle muxe as pernas a Carmen? / ¿Quén nos muxe, aí Deus!, a todos nós?* // [escrito á esquerda 45º] *NO «FINISTERRE», unha serán de luxuria / —o teléfono coa Galiza non funciona— / escribése iste texto. / DOU FE / Cunqueiro».*

Folla 9

Hai diversos debuxos.

1. Situado á esquerda, un home con lentes sostén un obxecto na súa man esquerda e baixo o brazo dereito leva un libro titulado *Vida de Murguía*. Acompañao a lenda *El prof. Vázquez Rey ante el plano del Ferrol borbónico* (Nótese la pollita policroma de Sargadelos en la mano).

2. Á dereita, aparecen unhas espléndidas pernas femininas con tres nomes de muller: *Filipina*, *Fernandina*, *Carolina*¹⁶. Ao fondo, dúas liñas representarían as ribeiras da ría ferrolá e así vén indicado: *Ría de Ferrol*.



15 O río Landro ou Landrove nace na serra do Xistral e desemboca na ría de Viveiro.

16 Ben poderían cadrar cos primeiros tres reis Borbón efectivos: Filipe V, Fernando VI e Carlos III.

O terceiro dos nomes —Carolina— relaciónase, como se verá máis adiante, cunha coñecida canción popular galega, común con outras culturas.

3. Da perna esquerda da muller pende unha trenza cun laciño coa seguinte explicación: *Coleta de la peluca del 1^{er} Marqués de Sargadelos*.

4. Por riba da perna dereita, hai debuxada unha braga: *Braga de la fraulein que se la chupó en el Hotel Europa de Santiago al disertante*.

5. Por riba, unha bicicleta: *Bicicleta de Remediños Nadal*.

6. Por debaixo da liña que marca a ribeira veciña da ría o debuxo dun *vaso con agua del río Landro*.

7. Entre as pernas da muller e os pés do home, hai un zapato de home debuxado cunha marca de medida en centímetros: *Escala 1:1 m. Zapato olvidado por Chao Espina*¹⁷. Por baixo hai debuxada unha cadeira pequena: *Silla desde la que asistirá [a] la disertación doña Gala M[anuel] Murguía de Castro*.

8. Finalmente, á dereita do debuxo, entre os pés das pernas femininas hai un teléfono coa lenda *Teléfono para llamar a la Srta. Elvira Carrasco*.

Folla 10

Nueve [por riba un 9] mozas al pie de un crucero, con el traje del país, inventado —como no podía ser menos— en el siglo XVIII. [intercalado] En ese paso que se ve al fondo, [riscado] sin duda [remata o intercalado] realmente lo único antiguo [intercalado] —eterno— [remata intercalado] es el camino, el crucero y el alalá. Las mozas son —¿dónde están las nieves de antaño?—¹⁸ flor de un día. En fin, para bien o para mal, aquí están en este cartel de Finisterre, recomponiendo el tópico, nueve [por riba un 9] mozas al pie de un crucero. El cielo es la eterna camelia gallega. Pero que nadie lo dude: las mozas tienen mejillas de [riscado] manzana, labios frescos, ojos amorosos. Y en la saya de Carolina, el lagarto le da al rabo cuando Carolina baila. La música llega a las estrellas y el camino al trasmundo. ¡Vivent les Armagnacs!

17 Enrique Chao Espina (Viveiro, 1908–A Coruña, 1988). Ordenado crego en 1931, estudou Filosofía e Letras e Maxisterio. Foi membro da RAG e cronista de Viveiro. Obtivo diversos premios literarios. É autor dunha considerable obra como historiador e etnógrafo. Dedicou a súa tese de doutoramento a Nicomedes Pastor Díaz.

18 Versos de François Villon («ou sont les neiges d'antan?») que forman parte de la *Ballade des dames du temps jadis*, moi querida por Cunqueiro, que publicara, un pouco antes, *Balada de las damas del tiempo pasado* (Alhambra, Madrid, 1945).

Folla 11

Cabeceira de Carlos Sentís¹⁹. Abogado. Madrid, Princesa 14 ático, Telef. 34047.

[escrito á máquina]

10 de Enero de 1946

Sr. Dn. ÁLVARO CUNQUEIRO

MADRID

Mi querido Álvaro:

Se me olvidó decirte esta mañana que Armesto²⁰ me dijo en Londres que había leído un artículo tuyo [escrito á man por Cunqueiro: se refiere al de «Ya», no sobre el libro, sino sobre Assía mismo] hablando de su libro que te agradeció muchísimo. Creo [que] deberías escribirle para no perder el contacto con él, pues no me extrañaría que pronto, Felipe, tuviese en sus manos una organización periodística, con la cual podrías trabajar inmejorablemente. En este libro hablo de él en un capítulo que ya verás. Hacia el final del libro encontrarás la parte más política y de mayor fondo. Quizá también te será fácil poner de relieve que el libro está hecho con un pensamiento muy independiente. Te digo esto porque algunos me han dicho que la portada, y quizá el título, han hecho pensar a algunos presuntos compradores que era un libro demasiado cercano a la propaganda inglesa.

Tú ya sabes desde hace mucho tiempo que como tú piensas [corrixido á man], creo que toda nuestra salida estriba en la capacidad que podamos tener de avivar una amistad y unas relaciones con Londres, cabeza directora, en definitiva, de nuestro tan amenazado occidente europeo.

19 Carlos Sentís Anfruns (Barcelona, 1911). Avogado e xornalista, colaborou coa Generalitat de Catalunya ata os feitos de 1934 e foi encarcerado. Daquela achegouse á Lliga de Cambó e participou no seu servizo de información a prol da causa franquista. Correspondente en diversos países, participou desde a UCD no retorno de Josep Tarradellas en 1977 para restaurar a Generalitat.

20 Felipe Fernández Armesto, *Augusto Assía* (A Mezquita, 1905–Xanceda, Mesía, 2002), foi xornalista e correspondente de diversos medios, especialmente de *La Vanguardia*. Malia ter exercido como activista da Internacional Socialista en Alemaña e do PCE en 1930 e de pasar ao servizo de información británico en 1933 —coincidiu en Berlín con Vicente Risco en 1934— (Romero 2011), adheriuse ao bando franquista en 1936. Porén, cando exerceu de correspondente en Londres durante a Guerra Mundial e cando seguiu os procesos de Nürnberg, as súas crónicas eran abertamente aliadófilas.

Esperando verte a principios de semana, que podremos almorzar juntos, te manda un abrazo tu buen amigo, Carlos [asinado á man].

Folla 12

Querido Amigo Cunqueiro: muchas gracias por su amable carta. En el artículo no vi que faltara nada; vi en el solo un trastueque de imprenta: un aliciente, si no había otro, para que el lector se empeñara en descifrar el enigma. En mi larga vida de periodista, he visto casos analógicos [sic] a este, y a mí me ha ocurrido también [sic] alguno. Le envío un artículo que no tiene nada de subversivo. Y le reitero mi gratitud y mi sincera amistad. Cordialmente,

Azorín. [engadido á man Azorin]²¹

Ya contestaré a la encuesta.

Follas 13 e 14

Sobre dirixido a Álvaro Cunqueiro, franqueado en Ciudad Rodrigo o 13 de abril de 1946(?): [á maquina] *Sr. Dn. Alvaro Cunqueiro. Hotel Peñón – Velázquez 6. Madrid.* No reverso: [á maquina] *R/. José I. de Velasco Amayuelas 1 Ciudad Rodrigo (Salamanca).*²² [á man, letra de Cunqueiro] *Este texto reaccionario se entrega al Refrendario. EL CHANCELER [asinado] A. Cunqueiro Vº Bº EL COMES COMUNITATIS Taxonera.*

Follas 15 e 16

[escrito á maquina] *Querido Alvariño: Quiero probar si es cierto que contestas largo y ha [sic] vuelta de correo. [¿]Es posible que tu amor al trabajo te obligue a ello? [¿]o es el amor de los amigos?*

*Por aquí mucho de particular, trabajo, trabajo y trabajo y sobre todo montañas de proyectos. [¿]Que te parece una versión escenificada de «La C[e]lestina» para el [Teatro] Español? (teatro naturalmente no periodico, sic).*²³

21 José Martínez Ruiz (Monòvar, 1873–Madrid, 1967). Escritor, xornalista e ensaísta.

22 Se consideramos o enderezo, [Plaza de las] Amayuelas núm. 1 corresponde ao pazo dos Velasco, edificio erguido no século xx en estilo neohistoricista imitando renacentista. Daquela, o compañeiro de Cunqueiro, José Ignacio de Velasco y Colmenares (Ciudad Rodrigo, 1923), pertencería á coñecida familia estremeña dos Sánchez Arjona (por vía da avoa materna). Casou en 1950 en Vitoria con dona María Asunción Díaz de Arcaya y Verasátegui, natural de Logroño (Salazar, 2001).

23 O autor da carta esquece todos os acentos gráficos.

No sería ninguna tontería aunque es muy difícil pero este es un aliciente mas y segun crei seria ademas la primera version de esta clase que se hiciera. Creo que esto seria mas de tu agrado que la comedia proyectada[,] asi que si te parece bien te ofrezco hacerlo de comun acuerdo porque solo quiza fuera un poco excesivo para mis flacas fuerzas.

Tengo ya pensada la parte correspondiente al primer acto del original[,] es decir[,] Calixto conoce a Melibea en el jardin de su casa[;] se queja de sus amores a Sempronio[,] Sempronio va a buscar a C[e]lestina[;] escena entre Celestina[,] Sempronio y Elicia[;] conversaci3n de Calixto y Parmeno, entre Parmeno y Celestina[,] y de esta con Calixto.

Todo esto se resuelve sin una sola mutacion [. ¿]Que te parece?Pues es bastante sencillo: La escena es una calle en el centro [d]el jard3n ce [por de] Melibea[:] a un lado de la casa de Calixto y al otro lado la de Celestina[,] ambas de tal forma que sus fachadas se descorran cuando convenga y se pueda ver su interior.

Claro que el libro dice que Celestina vivia en las Tenerias pero entre las licencias teatrales y alguna otra componenda podria arreglarse, [¿]no te parece?

Saludaremos desde el escenario Alvario y todos los Armagnacs con [ilexible] a la cabeza aplaudiran desde un proscenio. Y Cesarito tu hijin solo se reira cuando le cantes lo de Firnindi Sitim²⁴ si no que tambien te llamara desde su platea. [¿]Que tal?

Lo demas adelante aunque ahora[,] una vez acabado lo del crimen de Manolo Infiesta[,] quiero trabajarlo a ver si consigo que no quede mal.

[¿]Que tal los Armagnacs? Dile a nuestro provincial Albus Tobiensis²⁵ que me escriba y que me diga que le parecio lo que le deje para que leyera.

A NUESTRO CANCELLER SONETISTA DE CAMARA DEL CONDESTABLE DE CASTILLA

Canciller de la mejor caballeria, / al mundo asuela su galopar brioso / y es su canto Fernandino clamoroso / cual la alondra clama despertando el dia. // Las mas ilustres estirpes de Mindonium²⁶ / aclaman al nuevo Lancelot del Lago / y hacen los Armagnacs sin par estrago, / elevando al

24 Fai referencia á coñecida copla «Cuando Fernando Séptimo usaba paletó» —referida aos anos en que o monarca estivo en Francia—, que se adaptaba en versión infantil cantándoa coa mesma vogal.

25 Refírese a Luís Blanco Tobío.

26 Nome latino de Mondoñedo.

canciller al alto solium // Ya el barbado Lence²⁷ su peñola taja / escribiendo de Cunqueiro las historias, / viejo roble que huracán nunca desgaja // Y Vázquez Rey que prepara una memoria / fechas, datos, con exactitud [sic] baraja / por cantar de Alvariño [riscado: la] enhiesta gloria. Nihil Obstat [asinado ilexible]

Dale muchos recuerdos a todos los Armagnacs[,] especialmente a Vazquez[,] Canda y Luciano y preparad el reajuste del capitulo.

No me descuides lo del hierro y el cemento.

Un abrazo muy fuerte de tu amigo [asinado José Ignacio]

[escrito á man] *Esta carta es escrita [ilexible] sellada ante el escribano del Condestable mi señor en Sabado e Treze de mil e novecientos e cuarenta y seis²⁸.*

Folla 17

Encabeza o papel unha esfera con pés e unha cruz no medio que lembra a de Santiago.

El carro de heno

Merlin y familia

Los siete contra Tebas

[O debuxo das cubertas do que serían os libros unha vez impresos cos títulos anteriores e o nome do autor A. Cunqueiro].

El caballero, la muerte y el diablo

FAUSTO —años de juventud—

La dama del gato de Angora y otros cuentos

Simón Mago

Simbad el Marino

El clérigo de la flor con la historia de la abadesa preñada.

27 Refírese a Eduardo Lence-Santar (Mondoñedo 1876–1960). Membro das Irmandades da Fala e da RAE, foi cronista da súa cidade desde 1917 ata a súa morte.

28 En 1946 houbo tres días 13 en sábado: os de abril, xullo e decembro. Por proximidade doutras datas cabería considerar que esta carta foi escrita o 13 de abril.

El viaje a las fuentes del Nilo

El caballero de Saint-Vaast.

Folla 18

PUNTOS PARA UN SONETO A CUCA

1º: *citar palabras:* [postas en vertical cunha liña a maneira de chave] *primavera bruna
limpida bruna*

2º: *tiene frescura del rocío de la madrugada en los cristales*

3º: *al verla, se desprende de ella un sabor a bombón fragancia de rosa lirio*

4º: *cielos purísimos, madrugadas radiantes*

5º: *algo de agua*

6º: *esencias de Cuca*

[á parte á dereita e máis abaixo] *entera fuera*

Follas 19 a 24

[manuscrito de Cunqueiro] *IN DEI NOMINE ET IN LOCO FINISTERRE*

Con la ayuda de Dios N. S. y de su alférez Santiago y en la paz artúrica, aquí se reúnen, en horas de vísperas del martes 26, los Caballeros armañacs de la Tabla Redonda, para tratar de:

1º: [riscado] *Constituir el Soberano y Real Capítulo de la Orden.*

2º: [riscado] *Escoger hábito, color, pendón, [riscado] insignias y cortesías.*

3º: [riscado] *Establecer palabra de santo y seña en batalla, escaramuza o reyerta.*

4º: *Dictar leyes penales y de honestidad.*

5º: *Instituir diezmos, primicias, investiduras, rentas, foros y demás hacienda de la Orden.*

6º: *Jurar los cargos, dignidades y testimonios.*

7º: *Escoger los días de refectorio con yantar y queimada, ceremonia y exquisiteces del condumio.*

8º: *Discutir las relaciones exteriores de la Orden, en especial las que se refieren a la City de Londres, Señoría de Venecia, [pasa á folla seguinte].*

A Vázquez, Refrendario [á dereita hai un escudo de armas cun helmo, seis bandeirolas e un escudo, á maneira do de Galicia, cunha cunca e cinco estrelas, e lambrequíns].

Te emplazo, joh vir humildisimo!, a que respondas a las «cuestiones» que siguen:

Por qué «Le Bon Chevalier» es una «chanson» aquitana del xvi y no borgoñona del xv, advirtiendo que la «nación» aquitana ha desaparecido ya en el xvi y sustituida por el Anjou, la Turena, la Gascuña, etc. donde ni la «Table» ni las corales vinícolas tienen tradición.



En qué fundamentas que Christine de Pisán no tomó el «Soussi, Soing, etc.» para su «rondeau» y si la canción del «rondeau»²⁹.

Por qué en tasca asturiana plantea, en mi ausencia, esas cuestiones y no en palestra, taza en mano y el Capítulo presente?

Alvarus, Canciller

[pasa á folia seguinte]

[manuscrito de José Ignacio Velasco] *A Vázquez, Refrendario* [á dereita hai un escudo de armas cun helmo, nove cuarteis no campo (dos cales cinco van en branco e catro en debuxo sen definir) e lambrequíns]



29 Christine de Pizan (Venecia, 1364–Poissy, ca. 1430) foi unha poetisa francesa. Defendeu as mulleres fronte ás calumnias que Jean de Meung dixo delas no *Roman de la Rose*.

Como Penitenciario de la amigable compañía de los Armagnacs en beneficio de nuestra paz interna e interés de nuestra hermandad suplicote des cumplidas explicaciones a todas y cada una de la[s] «questiones» propuestas por nuestro Canciller el caballero Armagnac de Monaco Dumiensis Alvarus [asinado] Joseph Ignatius [cruz de dous brazos], Penitenciar[us]

[manuscrito de Emilio Canda] *Conforme: Por el Capítulo El Prior* [rubricado]

[manuscrito de Luciano de Taxonera] *Asistentes en estrados: El comes comunitatis* [asinado] *Luciano de Taxonera* [por baixo unha liña cara á dereita que vai en 90º cara a arriba e remata cunha flor e as palabras] *Equus Germanicus*

[manuscrito de Manuel Blanco Tobío] *Prov.: Enmanuelis Albus Tobiciencis in provincia Hispanica* [rubricado cunha liña e tres trazos inclinados]

[manuscrito de Cunqueiro] *INTROITO*

Dans la tour capetiënne de Madrid, les chevaliers armagnacs, fils aimés du bon Roi Arthur et héritiers des bons chevaliers de la Table Ronde, agenouillés avant Dieu et Sainte-Marie [engadido] l'Egiphtienne, déclarent par [riscado sa e engadido] la faiblesse de sa foi:

PRIMUM: PRIMUM BIBERE ET DEINDE PHILOSOPHARE

SECUNDUM QUID: Qui, adjunctus sum in calendas ut edere in domo gallaeciae, sub advocacione vino «agulla do Rosal», in condato «Salvatierra», sub presidio Regis Arthuris Britanniae, cum Galahad, Parsivalus et Lanzarotus et aliquis quandum Genevevam.

TERTIUS SIMPLICETER: «A EXCOTIUM

[pasa á folia seguinte]

BOVEM » (Duns Escoto, Liber X, cap. III, vers. 33)

LA ORDEN DE LOS BUENOS CABALLEROS ARMAÑACS Y DEL TOISON ELIGEN:

GRAN MAESTRE, sede vaca, honoris causa, Rey Arthur

*PRIOR: Emilianus Candiensis*³⁰

30 Emilio Canda, Manuel Blanco Tobío, Antonio María Vázquez Rey, Álvaro Cunqueiro, José Luis Pinillos (Bilbao, 1919; en 1946 remataba os seus estudos de Filosofía en Madrid; especializouse en Psicoloxía; membro da RAE; en 1986 foi Premio Príncipe de Asturias), Raimundo García Domínguez, Luciano de

PROVINCIAL: *Emmanuelis Albus Tobiciensis*

REFRENDARIO: *Antonius Vázquez Rex*

CANCELLER: *Alvarus Cunqueirus*

VISITADOR: *Josephus Aloysius Pinillos*

LECTORAL: *Raymundus Garcia Dominicus*

DOCTORAL: *Lucenshaft von Taxonieren*

PENITENCIARIO: *Dom. Emmanuel Sanctius Michel*

CHANTRE: *Josephus Ignatius Velascus*

KAPELLMAISTER: *Amantius Portabales.*

«*Queimada*» *obligatus est, incinerari aqua ardentem cum melem Arabicham. Novitiae et vicae-tiplae, non admiscie sunt. Data in loco Finisterrae, in due idus martius anno Domine MCMXLV³¹.*

[pasa á folia seguinte]

Bon chevalier de la Table Ronde, / Buvons, buvons, buvons et allez. // Nous buvons cinq cents bouteilles, / Buvons, buvons, buvons et allez. // Et le pied contre la muraille / et la tête sous le robinet. // Charlemagne fait la champagne / et les Pairs faisons la soirée // Soussi, Soing et Melancholie / vat-en, vat-en, vat-en et allons.

Estes textos, en conxunto, non constitúen unha especial novidade verbo da traxectoria literaria de Álvaro Cunqueiro. Porén, ilustran unha época que nas biografías resulta escura: os seus anos en Madrid. No ano que nos ocupa, 1946, a Cunqueiro xa lle fora retirado o carné de xornalista (1944) e non dispuña tampouco do paraugas de pertencer a FET y de las JONS, xa que fora dado de baixa en 1943. Alén, se partillaba cuarto con Vázquez Rey (Hotel Peñón, Velázquez número 6), iso significaba que a súa muller xa regresara a Mondoñedo, cabe supor

Taxonera y Vivanco (Ferrol, 1890-Madrid, 1954?), Manuel Sanmiguel, José Ignacio Velasco, Amancio Portabales (aparellador).

31 O día dous dos *idus* de marzo sería o 16. Porén, ao comezo da acta figura a constitución como feita «de vísperas del Martes 26». En 1946 houbo tres meses nos cales o día 26 foi martes (febreiro, marzo e novembro). Cabe deducir que se trataría nun dos dous primeiros.

que farta da traxectoria irregular do seu marido, sen ingresos estables. Pouco despois de parir os papeis dos que falamos, Cunqueiro regresaría definitivamente a Mondoñedo.

Naqueles dous últimos anos en Madrid, Cunqueiro practicou o que poderíamos cualificar de bohemia de dereitas. Daquela inconstancia —que dun ou doutro xeito estivo presente ao longo da súa vida— aparecen nestes papeis algúns datos misteriosos. Por exemplo, quen era esa Cuca, destinataria dun futuro soneto? Ou esa «Srta. Elvira Carrasco» á que tiñan que chamar por teléfono? Ou a *fraulein* supostamente feladora de Vázquez Rey no Hotel Europa.

Pero no terreo literario si que nos aparecen algunhas novidades, quizais descoñecidas ata agora. Na folla que numeramos como 17, hai unha relación de títulos de proxectos. Algún deles xa publicado ou a piques de saír do prelo, como *El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias* (1945). Pero temos tamén títulos de obras que serían escritas en galego anos despois: *Merlín y familia* (*Merlín e familia*), *Simbad el Marino* (*Si o vello Sinbad volvese ás illas*) ou ese *El caballero de Saint-Vaast* que ficaría incorporado, na figura da súa viúva, en *As crónicas do sochantre*.

Non sería ata finais de 1949 cando Cunqueiro (2003: 43) daba nova de *Merlín e familia* a Francisco Fernández del Riego: «Teño dous orixinas, un *Historia de las tabernas gallegas* [...] e outro *Merlín e familia* en galego [...]».

Finalmente, o documento máis extenso é esa acta de constitución dunha sociedade de cabaleiros armagnacs. Naturalmente, era puro divertimento, brincadeira de café sen máis transcendencia, nas antípodas do proxecto de Vicente Risco. Ten o valor de dar a coñecer o círculo de amizades que Cunqueiro tiña en Madrid en 1946, homes da súa idade e algún máis novo (aos antes citados cabería engadir un Sierra e un Cermeño «que canta a jota navarra»), alén dalgunhas mulleres, a relación coas cales non queda definida (as citadas Elvira Carrasco e Cuca, Carmen Alcaide, Remedios Nadal).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARMESTO FAGINAS, X. F.: *Cunqueiro. Unha biografía*, Vigo, Xerais, 1991.
- CARBALLO CALERO, R.: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1981.
- CUNQUEIRO, Á.: *El pasajero en Galicia*, (ed. César Antonio Molina), Barcelona, Tusquets, 1989.
- CUNQUEIRO, Á.: *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961*, Vigo, Galaxia, 2003.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *Álvaro Cunqueiro*, Vigo, Ir indo, 2007.
- ROMERO, S.: «La identidad oculta de Augusto Assía», <http://www.laopinioncoruna.es> [en liña, 20 de febreiro de 2011].
- SALAZAR ACHA, J. de: *Estudio histórico sobre una familia extremeña. Los Sánchez Arjona*. Ed. do autor, Ciudad Rodrigo, 2001 (amabilidade de Tomás Domínguez, responsable do arquivo municipal de Ciudad Rodrigo).
- SANTOS COBO, Manuel J.: «Álvaro Cunqueiro. Desde Ortigueira a Madrid», en *Álvaro Cunqueiro. Biografía*, Centro Virtual Cervantes, (<http://cvc.cervantes.es/actcult/Cunqueiro/biografia/>) [data de consulta 27/06/2011].
- VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario da Literatura Galega*, vol. 1, Vigo, Xerais, 1995.
- VV. AA.: *O mundo de Cunqueiro*, Vigo, A Nosa Terra, 1991. (A Nosa Cultura 2).
- VV. AA.: *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003.

